



### INFORMACIÓN CONCILIA VERÁN 2024

O día 6 de xuño de 2024, ás 9.00 h, abre o prazo para inscribirse nas actividades do programa **Concilia Verán 2024** que organiza a Concellería de Educación do Concello de Ourense e que vai dirixido a nenos e nenas da cidade.

As actividades lúdico-educativas están orientadas cara á consecución de hábitos de vida saudables, actitudes solidarias e de convivencia e o respecto polo medio ambiente. Tamén haberá reforzo educativo.

O horario será de luns a venres de 8.00 h a 14.30 h durante os meses de xullo e agosto (excepto festivos) en todos os centros e a maiores a 1<sup>a</sup> semana de xuño e setembro na Aula da Natureza. As actividades terán lugar nos seguintes espazos:

1. **CEIP O COUTO** na unidade de SÁS : nados/as entre 2012 e 2019. (5º EI a 6º EP cursados)
2. **\*CEIP MANUEL LUIS ACUÑA**: nados/as entre 2012 e 2019. (5º EI a 6º EP cursados)
3. **\*CEIP VISTAHERMOSA**: nados/a entre 2012 e 2020. (4º EI a 6º EP cursados)
4. **CEIP IRMÁNS VILLAR**: nados/as entre 2012 e 2020. (4º EI a 6º EP cursados)
5. **CEIP AMADEO RODRÍGUEZ BARROSO**: nados/as entre 2012 e 2019. (5º EI a 6º EP cursados)
6. **CEIP COVADONGA** na unidade de EIROÁS: nados/as entre 2012 e 2019. (5º EI a 6º EP cursados)
7. **\*CEIP PRÁCTICAS**: nados entre 2012 e 2020. (4º EI a 6º EP cursados)
8. **\*CEIP AS MERCEDES**: nados/as entre 2016 e 2020; *de 4º EI a 2º EP (cursados).*
9. **CEIP MESTRE VIDÉ**: nados/as entre 2012 e 2019. (*5º EI a 6º EP cursados*)
10. **AULA DA NATUREZA DO RÍO MIÑO-OIRA**: nados/as entre 2012 e 2017 / só *Educación Primaria.*
11. **ESPAZO MAKERS- Uvigo- NOVIDADE-** 1<sup>a</sup> quincena xullo para alumnado nado de 2009 a 2011 (1º ESO a 3º ESO) e na 2<sup>a</sup> quincena de xullo nados de 2012 a 2015 (3º EP a 6º EP). Horario de 9h a 14h. “Un verán na nube”.  
DIRECCIÓN: Edificio Politécnico-Facultade de Informática da Uvigo-Ourense (Campus Norte).

\* Nestes centros (2, 3, 7 e 8) haberá atención para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

De 8h a 9.30h “acollida temperá” para as familias que o necesiten.(apertura de portas ás 8h, 8,30h e 9h).

O horario tope para entrada será ás 9.30h e o de saída de 14h ata 14.30h, excepto no Espazo MaKers (de 9h a 14h).

As datas dos campamentos Concilia son:

- Do 24 ao 28 de xuño (só na Aula da Natureza)
- Do 1 ao 15 de xullo
- Do 16 ao 31 de xullo
- Do 1 ao 14 de agosto
- Do 16 ao 30 de agosto
- Do 2 ao 6 de setembro (só na Aula da Natureza)



### INSCRICIÓN

A inscrición será exclusivamente en liña a través da aplicación Moubil do Concello de Ourense.

O prazo será do 6 de xuño ás 9.00 h ao 11 de xuño ás 24.00 h.

Unha vez feita a inscrición, recibirá un correo electrónico cun código que deberá conservar para comprobar se aparece na listaxe provisional de admitidos/as, que se publicará o día 14 de xuño na aplicación Moubil e no taboleiro da Concellería de Educación.

### FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA E ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN

***Só poderán formalizar a matrícula se aparecen na listaxe provisional de persoas admitidas (anularanse os ingresos bancarios feitos con anterioridade e perderase o dereito á praza).***

Unha vez admitidos/as, deberán presentar a documentación debidamente cuberta de maneira **presencial** na Concellería de Educación, de 9.00 h a 14.00 h. (rúa da Canle nº 6) ou **vía on line** no correo electrónico: [conciliaeducacion@ourense.gal](mailto:conciliaeducacion@ourense.gal) (obrigatorio poñer no asunto o nome co campamento no que se matricula)

O prazo de entrega de documentación será do 17 ao 21 de xuño.

#### Documentación obligatoria que se presentará no prazo estipulado:

1. Ficha de matrícula cuberta, asinada e con foto (descargar na APP Moubil), na que figura a declaración xurada de que cumplen os requisitos.
2. Xustificante do pagamento; deberá poñer no concepto o nome do centro e o nome e primeiro apellido do/a neno/a matriculado/a. (*o nº de conta figura na folla de matrícula*).
3. **Taxas:**
  - 10€: mes completo (xullo ou agosto) (5€ cada irmán)
  - 10€: unha soa quincena (5€ cada irmán)
  - 10€ por semana (5€ cada irmán)
  - \*\*Taxa única de 10€ por matrícula do mes, quincena ou semana. Os irmáns a metade.
4. Copia da tarxeta sanitaria do/a neno/a participante.
5. Fotocopia do DNI do/a neno/a (se o tivese) ou do libro de familia.
6. Documento que demostre que as figuras parentais están en situación laboral activa (vida laboral, contrato...)

Unha vez recibida e comprobada esta documentación, e se todo está correcto, poden considerarse admitidos, e deberán presentarse no campamento o día de comezo.

#### **Criterios para a selección do alumnado de maior a menor puntuación:**

**\*É requisito imprescindible que os nenos e nenas participantes estean empadroados/as no Concello de Ourense.**

- Que todas as figuras parentais estean en activo.
- Que unha soa figura parental (se hai dúas) estea en activo.
- Orde de entrada en caso de empate.



### Listaxe de agarda:

Xerarase unha listaxe de agarda co alumnado que non sexa admitido.

Unha vez completado o proceso da primeira adxudicación, a partir do 24 de xuño, porémonos en contacto telefónico coas persoas da lista de agarda para ofertarles as prazas dispoñibles en calquera dos centros.

### Outras informacións de interese:

- A Concellería de Educación resérvase o dereito a anular as actividades naquel centro que non reúna un grupo mínimo de nenos e nenas.
- As faltas de asistencia sen xustificar suporá a perda da praza.
- Se a documentación e a información achegada non fose certa, provocaría a perda da praza e do ingreso efectuado.
- Unha vez rematado o prazo de formalización de matrícula, se non foi presentada, entenderase que renuncia.
- En caso de exceso de demanda nalgún dos centros, concederase un máximo de 2 quincenas por neno/a.

Ourense, 31 de maio do 2024  
As coordinadoras do Programa